



A cuadrilla "Os Rápidos" gaña o Campionato Provincial de Lugo de Caza de Raposo

O pasado 10 de xaneiro dábanse cita nos Tecores das Sociedades de Cazadores de As Louseiras e Picoto Pedroso, as cuadrillas participantes do Campionato Provincial de Lugo de Caza de Raposo, organizado pola Federación Galega de Caza en Lugo en colaboración coas Sociedades de Cazadores de As Louseiras e Picoto Pedroso.

Foron 22 as cuadrillas que tomaban parte na proba, sendo a cuadrilla "Os Rápidos" a que remataba na primeira posición ao capturar 3 raposos. "Ganados Blanco" era segunda con 2 raposos cazados, os mesmos que a cuadrilla "Mirallos" que quedaba no terceiro posto.



Pos.	Cuadrilla	Capturas
1º	Os Rápidos	3 raposos
2º	Ganados Blanco	2 raposos
3º	Mirallos	2 raposos
4º	Ponte de Neira	2 raposos
5º	Hermunde	1 raposo

As seguintes cuadrillas acudirán ao Campionato Galego da modalidade: "Os Rápidos", "Ganados Blanco" e "Mirallos".